

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 37

ano 6

novembro-decembro 2011

Os arquivos municipais (IV) na época Contemporánea PROXECTO DE AXARDINAMENTO DO POSÍO



Durante os anos trinta do século XIX, a definitiva instauración do **Estado liberal** en España en forma de monarquía constitucional supuxo unha fonda transformación política que veu acompañada de grandes **cambios económicos e sociais**. Estas novidades tiveron especial efecto nas pequenas cidades, como Ourense, que foran elixidas capitais políticas das novas provincias que articularon territorialmente o Estado dende 1833. A implantación nestas cidades das novas institucións da Administración liberal (deputación provincial, goberno civil ...), así como o crecente peso das actividades comerciais, industriais e financeiras, conferíronlle protagonismo social e político á **burguesía**, unha clase con novos hábitos e gustos sociais que, ao tempo, era o principal apoio do réxime liberal.

Os **concellos constitucionais** canalizaron as arelas dese grupo social a través dunha nova concepción do urbanismo que entendía os espazos públicos como **lugares de lecer**. Así, fronte aos xardíns privados da vella fidalguía, aparecen os xardíns públicos como espazos de sociabilidade abertos a todas as clases sociais, o que lle permite á burguesía pasear e lucirse como clase emerxente.

O proxecto do ano 1854 para a axardinar o **campo do Posío** (cuxo plano se reproduce máis arriba) re-

vela esta nova sensibilidade das autoridades municipais ao respecto do uso dos espazos públicos. Pero o axardinamento do Posío é só un dos exemplos da **renovación urbanística** acometida na segunda metade do século XIX. O Concello de Ourense emprendeu obras similares como o acondicionamento doutros parques públicos (campo de San Lázaro, Alameda ...), o embelecemento de rúas e prazas, a apertura de novas vías, a demolición das vellas portas da cidade, o saneamento e a dotación de **novos equipamentos** como a auga corrente ou a iluminación pública.

Desde a **iniciativa privada**, a burguesía comercial e financeira contribuíu á transformación da cidade coa construción de espléndidos **edificios** destinados a venda e negocio cuxos expedientes de obras tamén se conservan no **fondo do Concello de Ourense**. A rúa do Progreso protagonizou esa transformación e converteuse no eixo vertebrador da estrutura urbana da nova cidade burguesa.

1854, xullo, 3. Ourense
Proxecto do arquitecto Felipe Bouza y Tredis para fachada, fonte e axardinamento do Posío.
Original; papel; escritura humanística; castelán; 633 x 848 mm.
AHPOu. Concello de Ourense, Carp. V/2.

O municipio na época Contemporánea

Tras a promulgación da **Constitución de 1812**, os primeiros ensaios para implantar concellos constitucionais durante os períodos comprendidos entre 1812-1814 e 1821-1823 foron frustrados pola reacción absolutista. Por iso, esta nova fórmula de organización municipal non arraigou ata a abolición definitiva do Absolutismo, tras a morte de Fernando VII en 1833, e a implantación das transformacións políticas inspiradas nos principios liberais. Entre 1833 e 1835, o **Estado liberal** articulou o territorio en provincias e municipios implantando concellos en todo o territorio español segundo criterios uniformizadores e centralistas; o que tivo particular efecto en Galicia, onde a institución municipal tiña unha presenza limitada.



A consagración do **principio representativo** supuxo a abolición da patrimonialización de cargos e oficios municipais perpetuos, polo que dende aquela, os rexedores ou concelleiros foron elixidos por un censo de electores máis ou menos restrinxido. Segundo as épocas e tamaño das localidades, os alcaldes-presidentes tamén podían ser elixidos polos veciños ou ben ser nomeados polo goberno. En virtude dos principios de **división de poderes** e de **racionalidade administrativa**, os novos concellos foron privados da función xudicial e, convertidos no último elo do poder central, viron anulada a súa antiga **autonomía**. De feito, durante os séculos XIX e XX, as turbulencias políticas dese período e as diferentes concepcións de conservadores e progresistas en torno ao municipalismo, reflectíronse nun proceso pendular de restrición e ampliación da autonomía en función da cor política dos gobernos.

Durante o **reinado de Isabel II** (1833-1868) os moderados desfacían as reformas dos progresistas, e viceversa. Nesta época os concellos foron privados da súa secular autonomía económica ao ser despoixados das súas principais fontes de ingresos (Desamortización civil de Madoz de 1855). A **Restauración borbónica** (1874-1923) liquidou, con emendas de signo conservador, a democratización e descentralización introducida pola normativa municipal do **Sexenio Democrático** (1868-1874) e en 1877 promulgou a súa propia lei. Esta norma, moi centralista, limitou de novo a autonomía dos concellos e permitiu a degradación da vida municipal e a **corrupción caciquil**, para a que os concellos foron unha peza clave.

A **Ditadura de Primo de Rivera** (1923-1930), pretendeu abordar a rexeneración dos concellos co **Estatuto Municipal** de 1924. Neste texto, mestura de solucións técnicas e principios autoritarios, reconecíaselles maior autonomía, maior capacidade recadatoria e promovíase a municipalización de servizos. Aínda que en 1935 o goberno da **II República** promulgou a súa lei municipal, esta non pasou de ser unha adaptación do Estatuto de 1924, ata o punto de que se mantiveron vixentes os regulamentos de desenvolvemento de aquel.

A **Ditadura de Franco** de novo converteu os concellos en meros órganos do goberno central vinculados, asemade, ao organigrama do partido único (*Falange Española de las JONS*), de xeito que os alcaldes eran ao mesmo tempo **xefes locais do Movemento**. A pesar de que nos últimos anos do franquismo os concellos recobrararon certo grao de autonomía, haberá que esperar á promulgación da **Constitución de 1978** para unha plena recuperación dela. O vixente texto constitucional adapta o funcionamento dos concellos ao sistema democrático e á nova estrutura do Estado.

Os arquivos municipais nos séculos XIX e XX

As reformas introducidas polo Estado Liberal privaron de valor legal a boa parte dos vellos papeis e pergamiños que celosamente se custodiaran nos arquivos municipais desde a Idade Media. Isto supuxo a relaxación da garda destes documentos cando non o seu abandono ou destrución deliberados.

Ao perder **competencias**, os concellos deixaron de xerar documentos sobre gran variedade de cuestións. Non obstante, o crecente grao de regulamentación das competencias conservadas e a obriga de documentar debidamente os distintos trámites, levou a que ao longo da época Contemporánea se experimentase un incremento exponencial da produción documental, como tamén sucedeu no resto das administracións.

Desde a segunda metade do século XIX, series tradicionais como os **padróns de veciños** e os **expedientes de quintas**, confecciónanse con criterios estatísticos, de xeito que facilitan agora unha información máis rica e fiable. Tamén, entre os anos corenta e setenta do século XIX, antes da creación do Rexistro Civil, concellos como o de Ourense levaron **rexistros de nacementos, matrimonios e defuncións** que xunto aos padróns de habitantes son unha fonte de gran valor demográfico. Por outra banda, mentres non existiu catastro, ata ben entrado o século XX, aos concellos encomendóuselles confeccionar relacións da riqueza dos veciños sometida a contribución. Esta competencia deu lugar a un conxunto de documentos englobados baixo o nome de **amillaramientos** que son de gran valor para a historia económica.

A aparición de certa planificación urbanística desde o século XIX levou a que contemos desde ese momento con moitos máis expedientes sobre **obras e urbanismo** que serven para coñecer o desenvolvemento da cidade. Do mesmo xeito, a maior preocupación polo mantemento de espazos (rúas, prazas, xardíns) e servizos públicos (fontes, rede de sumidoiros, lavadoiros) contribuíu a que se conserve abundante documentación ao respecto; tamén sobre novas competencias como a iluminación pública.

Os arquivos municipais contemporáneos son **fondos vivos** que seguen acumulando a documentación que día a día xeran os concellos, de xeito que ademais de fonte histórica, desempeñan unha función administrativa indispensable para a xestión do municipio.